

**CONCELLO
DE VIGO**



Pensamento e Intelixencia Artificial (IA)

XXVI XORNADAS DE FILOSOFÍA

**Auditorio Municipal do Concello
Do 14 ao 17 de Outubro**

**Actividade extraescolar da UNED
con recoñecemento de crédito**

DIRECCIÓN TÉCNICA

**GRUPO FILOSOFÍA
ALETHEIA Vigo.**



ILLAS CÍES: Obxectivo Patrimonio da humanidade

Logo da sempre especial celebración do pasado 2018 polo vixésimo quinto aniversario, as Xornadas de Filosofía afrontan este ano unha edición sumamente interesante e, como vén sendo habitual, con temática pegada á actualidade e poñentes de acreditada categoría. A revolución dixital abre un novo e excitante escenario a todos os niveis e a filosofía, como materia transversal, pode e debe arrojar luz ante as incertezas inherentes aos grandes cambios sociais.

No auditorio municipal do Concello, Vigo volve acoller as conferencias dun ambicioso programa que aborda o novo paradigma da intelixencia artificial e as súas afeccións na ética, na ciencia e na medicina, na economía e no emprego. Termos recentemente asumidos como propios e de uso común, como os algoritmos, ou a aparición no imaxinario colectivo de aparentes oxímorons como os sentimentos dos robots tamén ocuparán aquí o seu lugar, o seu espazo de debate.

A filosofía é diametralmente oposta á imaxe que algúns, interesadamente, pretenden proxectar. A filosofía é hoxe máis importante que nunca, os desafíos do século XXI se multiplican e alterarán para sempre a nosa forma de ver e relacionarnos co mundo, nada volverá a ser como o coñecemos. O salto económico, social e tecnolóxico que encaramos só é comparable á revolución industrial e o pensamento filosófico é quen de ofrecer respostas e certezas nunha época de cambio rápido e perenne, no que o único constante será a necesidade de adaptación.

É un orgullo continuar traballando na celebración destas Xornadas, seguir coa súa xestión e organización baixo a axeitada dirección do grupo Aletheia, promovendo a reflexión, a mirada crítica, o pensamento e o coñecemento. Unha sociedade independente, formada e plural é a base necesaria para unha democracia madura e comprometida, para un país ben preparado para os retos do futuro.



Abel Caballero
Alcalde de Vigo

PROGRAMA

Luns 14

16:30 h Apertura das XXVI Xornadas de Filosofía

17:00 h Jesús M. Conill Sancho:

“A Intelixencia Artificial en perspectiva ética”

*Presenta: Manuela Sío Dopeso.
Xornalista de La Voz de Galicia.*

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h José Luis Verdegay:

“Poden pensar os algoritmos?”

*Presenta: Laura Suárez Rodríguez.
Coordinadora de Aula na UNED-Vigo*

20:00 h Coloquio

20:30 h Final xornada

Martes 15

16:30 h Miguel Ángel Quintanilla:

**"A alma dos robots:
filosofía cidadá para a tecnoloxía do século XXI"**

*Presenta: Ana Baena Nieto.
Xornalista de Atlántico Diario.*

17:30 h Coloquio

18:00 h Descanso

18:15 h Marcio Borges:

"Aplicacións da Intelixencia Artificial na medicina"

*Presenta: Sonia Fernández Gil.
Neurofisióloga do Hospital Álvaro Cunqueiro*

19:15 h Coloquio

19:45 h Descanso

20:00 h Javier Bajo:

"Os próximos 20 anos da Intelixencia Artificial"

*Presenta: Helena Fernández López.
Doutora enxeñeira, Fundación Centro Tecnolóxico
de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)*

21:00 h Coloquio

21:30 h Final xornada

PROGRAMA

Mércores 16

17:00 h José María Serrano Sanz:

"IA: Un novo paradigma para a economía e o emprego"

Presenta: Cristina Pérez Marquina.

Xornalista de Faro de Vigo-Ourense e Europa Press

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h José María Baldasano:

"Como a intelixencia artificial está cambiando a ciencia"

Presenta: Carmen García Mateo.

Catedrática de Teoría do Sinal e Comunicacións.

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación-UVigo.

20:00 h Coloquio

20:30 h Final xornada

Xoves 17

17:00 h Amparo Alonso Betanzos:

“Intelixencia Artificial: un reto para o século XXI”

*Presenta: Jesús Souza Troncoso.
Catedrático de Zooloxía. Facultade de
Ciencias do Mar. Universidade de Vigo.*

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h Ignacio Morgado:

“¿Pode un robot chegar a ter sentimentos?”

*Presenta: Ana Ulla Miguel.
Astrofísica. Profesora Titular Depto. de Física-UVigo*

20:00 h Coloquio

20:30 h Clausura das XXVI Xornadas de Filosofía

JESÚS M. CONILL SANCHO

Catedrático de Filosofía Moral e Política da Universidade de Valencia. Traballou como Investigador nas Universidades de München, Bonn, Frankfurt, St. Gallen e Notre Dame. Membro da Fundación ÉTNOR e do Seminario de Investigación Xavier Zubiri.



Entre as súas publicacións cabe destacar os libros: El crepúsculo de la metafísica (Anthropos, 1988), El enigma del animal fantástico (Tecnos, Madrid, 1991), ética (Tecnos, 2004), Ética hermenéutica (Tecnos, 2006), Intimidad corporal y persona humana. De Nietzsche a Ortega y Zubiri (Tecnos, 2019). El tiempo en la filosofía de Aristóteles. Un estudio dedicado especialmente al análisis del Tratado del Tiempo (Física IV, 10-14). Valencia: Facultad de Teología San Vicente Ferrer, 1981. Educar en la ciudadanía (Adela Cortina e Jesús Conill) Institució Alfons el Magnànim. Ética de los medios. Una apuesta por la ciudadanía audiovisual. Barcelona: Gedisa, 2004. El carácter hermenéutico y deliberativo de las éticas aplicadas. Tecnos, 2003.

JOSÉ LUIS VERDEGAY

Catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade de Granada (UGR) e director do Grupo de Investigación en Modelos de Decisión e Optimización (MODO). Ocupou numerosos cargos na UGR, na Comisión Interministerial Científica e Técnica (CICeT) e na Oficina TEMPUS da Unión Europea. Entre eles destacan os de secretario do Instituto de Desarrollo Regional e director do Departamento de Ciencias da Computación e I.A. da UGR. Presidente (fundador) da



Asociación Española de Tecnoloxías e Lóxica Fuzzy (FLAT), asesor para a Área de Tecnoloxías Intelixentes do Programa de Articulación Ciencia, Tecnoloxía e Industria (PACTI) do II Plan Nacional de Investigación do M.E.C., director do Secretariado de Relacións con Países non Europeos no Vicerrectorado de Investigación e Relacións Internacionais da UGR, colaborador externo da ANECA, experto de diferentes axencias de avaliación da calidade.

Actuou como IP en numerosos proxectos de infraestrutura científica, innovación docente e de investigación. Editor, co-editor ou autor de 26 libros e ten publicado máis de 345 artigos en libros e revistas da súa especialidade. Ten a categoría docente especial de Profesor Invitado do Instituto Superior Politécnico "José Antonio Echeverría" da Habana, da Universidade Central "Marta Abreu" das Villas e da Universidade "Oscar Lucero Moya" de Holguín (Cuba). É "fellow" da International Fuzzy Systems Association (IFSA), "IEEE Senior Member", membro de Honra da Academia de Matemáticas e Computación de Cuba e "Huésped Distinguido" da Universidade Nacional de Trujillo (Perú). En marzo de 2015 e 2018 recibiu sendos Premios Nacionais da Academia de Ciencias de Cuba e en setembro de 2016, o premio á mellor "App" baseada en Intelixencia Artificial da Asociación Española para a Intelixencia Artificial.

MIGUEL ÁNGEL QUINTANILLA FISAC

Profesor Emérito de Lóxica e Filosofía da Ciencia na Universidade de Salamanca. As súas liñas de investigación prioritarias son: filosofía da ciencia e a tecnoloxía, estudos sociais da ciencia e a tecnoloxía, cultura científica, comunicación pública da ciencia, políticas científicas e tecnolóxicas. É autor de:

Tecnología: Un enfoque filosófico y otros ensayos de filosofía de la tecnología (FCE, México, 2016)).

Ciencia, tecnología y sociedad (en colaboración con

Eduardo Aibar, Horsori, Barcelona, 2002). Diccionario de Filosofía contemporánea. (ed.), (Sígueme, Salamanca, 1976). A favor de la razón (Taurus, Madrid, 1981). Breve diccionario filosófico (Editorial Verbo Divino, Estella, 1996).



Publicacións recentes: «Engaging technologies: Criteria for an alternative model of technological development». In Contemporary work from the Spanish Speaking Community, by Laspra, B. y López Cerezo, J.A. The Philosophy of Engineering and Technology book series. New York; London: Springer, 2018. pp. 103-124. En 2003 fundou e foi elixido Director do Instituto de Estudos de Ciencia e Tecnoloxía da Universidade de Salamanca. De 1982 a 1989 foi senador no Parlamento español. Foi Secretario Xeral do Consello de Universidades de (1991-1995) e Secretario de Estado de Universidades e Investigación do goberno español (2006-2008).

MARCIO BORGES

Formado na Universidade Federal de Rio Grande do Sul, Porto Alegre Brasil. Realizou a especialidade de Médico Interno Residente (vía MIR) de Medicina Intensiva. Hospital Universitario 12 de Octubre, Madrid, España.

Coordinador da Unidade Multidisciplinar de Sepse, Servizo de Medicina intensiva do Hospital Universitario Son Llatzer, Palma de Mallorca, Illas Baleares.



A Unidade Multidisciplinar de Sepse foi a primeira Unidade destas características de Europa. Coordinador Nacional do Proxecto Código Sepsis, que reúne 26 Sociedades Científicas Españolas e 15 Internacionais e co patrocinio do Ministerio de Sanidade e Consumo, este proxecto foi aprobado en 2015 polo Senado Español e todas as Comunidades Autónomas. Membro do Grupo Europeo de Sepsis. Director do programa Código Sepsis da Federación Panamericana e Ibérica de Medicina Intensiva (FEPIMCTI). Investigador Principal do Grupo de Sepsis da IDISBA. Autor de máis de 350 artigos científicos e capítulos de libros nacionais e internacionais. Relator en máis de 500 cursos, congresos e clases. Profesor Asociado de medicina, Área de Enfermidades Infecciosas da Universidade das Illas Baleares (UIB). Membro de 12 sociedades científicas e revisor de 10 revistas científicas na área de enfermidades infecciosas e medicina crítica. Actualmente, é o investigador principal do Proxecto BISEPRO, un proxecto de investigación público-privado sobre intelixencia artificial e sepsis.

JAVIER BAJO

Catedrático de Universidade no Departamento de Intelixencia Artificial da Universidade Politécnica de Madrid (UPM) e, desde 05/03/2019, é Director do Centro Tecnolóxico Mixto UPM-Accenture AI.nnovation Space de innovación en Intelixencia Artificial. Foi Director do Centro de Proceso de Datos na Universidade Pontificia de Salamanca (13-10/2010 - 08-11-2012).



Foi Profesor Titular de Universidade no Departamento de Intelixencia Artificial da UPM (08/10/2012-05/03/2019), Profesor Adxunto na Pontificia de Salamanca, (01/03/2003-08/11/2012). Foi profesor visitante no Dartmouth College (USA, 2016), Osaka Institute of Technology (Japan, 2011, JSPS Invitation Fellowship Program for Research in Japan) e IRIT-University of Toulouse (France, 2013, 2014, 2015). É Enxeñeiro Informático pola Universidade Pontificia de Salamanca (2003) e Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas pola Universidade de Valladolid (2001). As súas principais liñas de investigación son a Computación Social, as Sociedades Híbridas e Artificiais, os Axentes Intelixentes e Sistemas Multi-axente. Participou en máis de 50 proxectos de investigación (en boa parte deles como investigador principal), é autor de máis de 300 artigos científicos en revistas (81 artigos JCR) e congresos, e posúe unha patente e máis de 50 rexistros de software. O seu índice H é 39. Tamén é fundador da serie de conferencias PAAMS, así como membro IEEE, ACM e ISIF.

JOSE MARIA SERRANO SANZ

Jose María Serrano Sanz (1955). Doutor en Economía pola Universidade de Barcelona (1983) e Catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Zaragoza (1989). Académico de número da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas. Membro da Comisión Permanente do Consello Superior de Estatística. Dirixe o Grupo de Investigación Sector Exterior e Integración Monetaria. É membro de diversos académicas en libros e revistas de investigación nacionais e estranxeiras.



Dirixiu unha ducia de Teses de Doutoramento e máis de corenta Proxectos de Investigación. Foi durante vinte anos director do Departamento de Estrutura Económica da Universidade de Zaragoza e foi tamén, entre outras cousas, Vicedecano de Investigación, Director da Sede Pirineos da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, Coordinador de Economía na Axencia Nacional de Evaluación e Prospectiva, Director de Fundear e Director de Revista de Economía Aplicada.

JOSÉ M. BALDASANO RECIO

Doutor (1983) en Ciencias Químicas pola Universidade de Barcelona, Enxeñeiro Químico (1976) do Institut National Polytechnique de Toulouse (Francia) e Master on Science en Enxeñería Química (1979) pola Universidade de Sherbrooke (Canadá). Catedrático de Enxeñería Ambiental na Universidade Politécnica de Cataluña. Director do dpto. de Proxectos de Enxeñería da UPC: 2001-2005, director do Instituto de Petrolquímica Aplicada: 1988-1991, e do Instituto



Tecnoloxía e Modelización Ambiental: 1992-1997. Fundou e dirixiu o programa de doutoramento en Enxeñería Ambiental: 1986-2006 (primeiro en España. As súas actividades de I+D están centradas na modelización da calidade do aire, cambio climático, residuos e estudos de impacto ambiental. Membro do Consello Asesor do Ministerio de Medio Ambiente: 1994-1997. Presidente de ADECAGUA: 1989-1991. Membro do Working Group on Hazardous Wastes da ISWA. Consultor do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e do Banco Mundial. Membro do Steering Group on Air Quality da UE. Membro do Scientific Steering Committee de PRACE HPC: 2010-2012. Premio Rey Jaime I de Medio Ambiente 1997, e Diploma do IPCC polo NOBEL PEACE PRIZE 2007.

AMPARO ALONSO

Amparo Alonso Betanzos é Catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña, onde coordina o grupo LIDIA (Laboratorio de I+D en intelixencia Artificial). É Licenciada en Químicas, e doutora en Físicas pola Universidade de Santiago. Foi Postdoctoral Fellow no Medical College de Georgia, EEUU, onde traballou tres anos.



A súa área de investigación é o desenvolvemento e a aplicación de técnicas de Intelixencia Artificial en diversas áreas, así como a Aprendizaxe Computacional e as técnicas de Ciencia de Datos (Big Data), colaborando con outros grupos de investigacións nacionais e estranxeiros. É autora de varios artigos científicos no tema, así como de libros. Recibiu en 1998 o Premio LÓreal-UNESCO a Women in Science en España. É Senior Member de asociacións profesionais de nivel internacional, como IEEE e ACM. Actualmente, e desde 2012, é Presidenta da Asociación Española para a Intelixencia Artificial.

IGNACIO MORGADO

Catedrático de Psicobioloxía no Instituto de Neurociencias e na Facultade de Psicoloxía da Universidad Autónoma de Barcelona. Realizou estudos e traballos de investigación nas universidades do Ruhr (Alemania), de Oxford (Reino Unido) e no Instituto Tecnoloxico de California (Caltech, EEUU). Investiga sobre Potenciación e recuperación da memoria por estimulación eléctrica cerebral en ratas normais e con dano cerebral. É membro da Sociedade Española de Neurociencia (SENC) e foi membro do comité executivo da European Brain and Behaviour Society (EBBS). Autor dun centenar de traballos sobre psicobioloxía e neurociencia cognitiva. Premio da Sociedade Española de Psicoloxía (1982). Premio Divulga do Museo de la Ciencia de Barcelona (1985).



As súas principais obras de divulgación científica son Emociones e Inteligencia Social: Las claves para una alianza entre los sentimientos y la razón (Ariel 2007); Cómo percibimos el mundo: una exploración de la mente y los sentidos (Ariel, 2012), Aprender, recordar y olvidar: claves cerebrales de la memoria y la educación (Ariel 2014), La fábrica de las ilusiones: Conocernos más para ser mejores (Ariel, 2015) e Emociones corrosivas: Cómo afrontar la envidia, la codicia, la culpabilidad y la vergüenza, el odio y la vanidad (Ariel, 2017). Deseo y Placer: Neurociencia de las motivaciones (Ariel, mayo 2019).

**CONCELLO
DE VIGO**



Inscripción nas xornadas a través do correo-e: xornadasdefilosofia@gmail.com



Mais info:
vigo.org



ILLAS CÍES: Obxectivo Patrimonio da humanidade